



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 11 de marzo de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 11 de marzo de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .  
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04/03/2019, que se aprobou por unanimidade.

## **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

### **PRP2019/1229**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 11 de marzo de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 11 de marzo de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

#### **a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
MADERAS ACUÑA SL	B36195535	986,15 €	11-03-2019	SI
CASTROMÁN I SL	B36406650	34,10 €	11-03-2019	SI
ALPHABET ESPAÑA FLEET MANGEMENT SA	A91001438	15.889,05 €	11-03-2019	SI
SPYMEDICAL SLU	B36484822	2.952,44 €	11-03-2019	SI
VERSATIL SERVICIOS EDITORIAIS SLU	B70172986	10.403,90 €	11-03-2019	SI
ASESORAMIENTO Y DESARROLLO DE				
SOLUCIONES EMPRESARIALES SL	B94099496	5.995,00 €	11-03-2019	SI
ARTE Y CERÁMICA DE GALICIA SL	B27712454	287,97 €	11-03-2019	SI
TECNICAS & GRAMAXE SL	B94136066	325,00 €	11-03-2019	SI
MULAS PRODUCCIONS SL	B70210935	10.890,00 €	11-03-2019	SI



b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/1210**

Vista a proposta da Secretaria Xeral e sendo preciso a compra de materiais para repoñer os valados publicitarios (paneis de aglomerado, soportes e parafusos) que se poñen a disposición dos partidos políticos e coalicións para a colocación gratuíta de carteis de cara as vindeiras eleccións, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, con cargo á partida orzamentaria 920.22199:

**Maderas Acuña SLU**, para o subministro de paneis de aglomerado e rastreis de pino, por un importe total de 986,15 € (IVE incluído)

**Castroman I SL**, para o subministro de parafusos por un importe de 34,10 e (IVE incluído)  
Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/1211**

Vista a proposta da Policía Local, tendo en conta que se está tramitando o renting de 3 vehículos novos para a Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Alphabet España Fleet Management SA**, para o alugueiro dos tres vehículos actuais da Policía Local, por un prazo de cinco meses, por un importe total de 15.889,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.204.

- 1.059,27 € vehículo/mes, incluíndo cota mensual por arrendamento, mantemento + seguro.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/1212**

Dáse conta de escritos presentados polos condutores de taxis que a seguir se indican, solicitando autorización para colocación de publicidade de "Ratribrón" na parte traseira do vehículo adscrito á licenza municipal de taxi:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>LICENZA Nº</b>
<b>D. Oscar Leiro Santos,</b>	<b>03</b>
<b>D. José María Barcia Fariña,</b>	<b>39</b>
<b>D. José Luis Pérez Torres,</b>	<b>38</b>
<b>D. Jesús Leis Diz,</b>	<b>33</b>
<b>D. José Reiriz Treviño,</b>	<b>30</b>
<b>D. Placido Iglesias Torres,</b>	<b>18</b>
<b>D. Javier Millan Vilanova,</b>	<b>06</b>
<b>D. Modesto Barbosa Filgueira,</b>	<b>05</b>

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado dado que xa teñen colocada a cinta coa propaganda de "Radiotaxi", non se permitindo máis propaganda, xa que como especifica o Artigo 27.2 da Lei 4/2013 non gardaría a estética do vehículo.

#### **PRP2019/1214**



Dáse conta do escrito presentado por **D. Jesús Lindner Santos**, en representación do Establecemento DOLCE VITA, solicitando autorización para ocupación de vía pública o día 2 de marzo, para a celebración dun concerto nas inmediacións do citado establecemento, en horario de 21:00 a 23:00 horas.

Dáse conta do informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Lindner Santos que as ocupacións de vía pública deberán realizarse cun mínimo de sete días de antelación.

#### **PRP2019/1215**

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Artiaga Barreira** solicitando a colocación da placa coa denominación da Rúa Andrés Fernández.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se procederá á colocación da correspondente placa identificativa.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2019/1216**

Dáse conta do escrito de **Dona Marta García Lago (Agencia Klip)**. A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a utilización das instalacións de Fexdega para a realización do Salón Arosa Motor (VII Edición), do 29 de abril ao 7 de maio de 2019, debendo axustarse ás seguintes condicións:

##### **Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude**

- Ingreso de dous mil euros en concepto de aportación económica establecida para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948).

##### **Antes do inicio da montaxe**

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva
- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse a modificación/supresión deberá estar contemplada explicitamente no plan de autoprotección do evento.
- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade; poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación.
- Presentación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil polos feitos que puideran acontecer nas instalacións durante a actividade. A póliza presentará as seguintes características:
  - Garantía principal mínima de 600.000 € a disposición do evento.
  - Deberá cubrir a responsabilidade civil de explotación, locativa e de produto
  - As cláusulas de ámbito territorial e situacional, permitirán sinalar o recinto Fexdega como espazo onde se desenvolve a actividade.
- Presentación de certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social, e dicir, non ter causado baixa dende a data da certificación presentada no momento da solicitude do espazo.



- Presentación de certificación de continuar o corrente das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Administración Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.

#### **Antes da inauguración do evento**

- Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega.

Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

- Presentación da certificación emitida por un técnico de seguridade alimentaria ( ou por profesional con competencia na materia) que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude técnica das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.
- Presentación da documentación que acredite a cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. A devandita documentación ira acompañada dunha listaxe onde se mostre o nome e apelidos, o DNI e unha fotografía actual de cada un dos acreditados.

#### **Consideracións xerais**

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, unha vez rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. Se fose necesario contar con autorización administrativa para a instalación da publicidade, a xestión da mesma correrá por conta do promotor.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.

#### **PRP2019/1217**

Dáse conta do escrito remitido pola **Subdirección Gral. De Relaciones Presupuestarias con la Unión Europea** solicitando o nomeamento do Responsable de Comunicación do Concello de Vilagarcía de Arousa en relación cos Programas EDUSI (Fondos FEDER), de conformidade co acordado na última reunión da Red GRECO-AGE, o día 15 de febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar o nomeamento de D. Manuel Villaronga García como responsable de Comunicación deste Concello.

#### **PRP2019/1218**



Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SEPYMEDICAL SLU** para o subministro de material sanitario funxible para a dotación das casetas de primeiros auxilios das Praias Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, por un importe total de 2.952,44 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/1219**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro de 2019, de aprobación de orzamento presentado por **Talleres Ibericar Gestoso SL** para o subministro dun vehículo para o Servizo de Vías Públicas, por un importe total de 9.900,00 €, figurando no mesmo “*con cargo á partida 453.214*”, e debendo figurar “**con cargo á partida 453.62400**”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2019/1243**

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2018, en relación coa celebración do día mundial do consumo, solicitando autorización para desenvolver na Praza de Galicia unha actividade do módulo de “Atención ao cliente, usuario ou consumidor”, o día 15 de marzo de 2019.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle para a ocupación de vía pública, así como a cesión dunha carpa, dúas mesas e oito cadeiras e conexión de enerxía eléctrica.

Dar conta á Policía Local, Servizo Municipal de Obras e Servizo Municipal de Electricidade.

### **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **Normalización Lingüística**

##### **PRP2019/1256**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Técnicas & Gramaxe SL** para o subministro de 25 exemplares do Libro “No interior do vento”, de Xurxo Alonso, por un importe total de 325,00 €, con cargo á partida 334.22637, para agasallar aos catro institutos de Vilagarcía de Arousa: Castro Aobre, Fermín Bouza Brey, Armando Cotarelo Valledor e Miguel A. González Estévez, así como para a Biblioteca Municipal e Axencias de lectura.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

#### **Medio Ambiente**

##### **PRP2019/1250**

Dáse conta do escrito remitido pola **Secretaría Xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda** comunicando a apertura do trámite de audiencia no procedemento de elaboración do anteproxecto de Lei de Residuos de Galicia e remitindo o texto do citado anteproxecto aos efectos se presentación de observacións que se estimen oportunas, no prazo de 15 días hábiles dende a recepción da notificación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.





#### **PRP2019/1251**

Dáse conta do requirimento de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico en Avda. Doutor Tourón, no T.M. de Vilagarcía de Arousa (Clave DH.D36.59251), indicando que acordada a práctica de proba, en data 05.02.19 e levada a cabo a inspección, constatase que se ben se levaron a cabo as actuacións anunciadas, continúan a producirse vertidos ende outros puntos da rede de saneamento, que desaugan no río de Santa Mariña a nivel do novo pozo de rexistro e no punto no que a canalización do regato sae a ceo aberto, ao mesmo tempo que se constatan filtracións da auga do río cara ao interior do pozo de rexistro da rede de saneamento colocado a continuación do pozo executado na beirarrúa para a inspección do regato.

Dáse conta do informe do responsable de Saneamento, no que se indica:

“Que, o punto de vertido V-04562, tratase dunha saída da rede de pluviais, a cal desemboca na marxe dereita do Río do Con, na intersección de Doutor Tourón con Rodrigo de Mendoza.

Que, nesta intersección atópase unha Ponte sobre o río, a cal une a Rúa Doutor Tourón, coa Rúa Rodrigo de Mendoza, dita ponte está provista dunhas cementacións, as cales obrigaron no seu día a desviar da súa liña a cota de nivel a rede de saneamento que discorre pola marxe dereita do Río do Con.

Que, debido ao trazado resultante de esquivar as bases de cementacións da Ponte, a tubaxe de saneamento está traballando a nivel, e a rede xeral que descorre por Doutor Tourón une nesta mesma, provocando atascos puntuais.

Que por parte deste Concello estanse a realizar revisións neste punto, os días Martes e Venres de todas as semanas, xa que se trata dun punto conflictivo de vertido.

Que, non se descarta que a esta rede de pluviais poida haber algún outro enganche procedente dalgún edificio ou vivenda, que aporte algún contaminante, motivo polo cal se lle encargou unha revisión de todas as conexións existente nesta rede á Empresa Contucho, sen detectar anomalía algunha.”

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Augas de Galicia que como se desprende do informe do Encargado de Saneamento, non se detectan anomalías nin vertidos na citada rede, polo que se solicita o arquivo do requirimento efectuado por Augas de Galicia en relación con este expediente.

#### **PRP2019/1252**

Dáse conta de comunicación da **Subdirección Xeral de Residuos, da** Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, comunicando que o pasado 1 de marzo o Ministerio para a Transición Ecolóxica (MITECO) lanzou a Convocatoria de Axudas Residuos 2019 (PIMA Residuos e PEMAR) para o financiamento de proxectos das Entidades Locais dirixidos á implantación de recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais e ao fomento da compostaxe, así como á recollida separada de aceite de cociña usado e tamén para proxectos en materia de biogás.

O prazo para remitir as solicitudes á Subdirección Xeral de Residuos remata o 20 de marzo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/1253**

Dáse conta de escrito da **Subdirección Xeral de Residuos, da** Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, convidando a este Concello a participar nun foro sobre a recollida selectiva de fracción orgánica e a promoción do uso do compost que terá lugar o día 12 de marzo de 2019, ás



11:00 horas na Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, situada na Ronda Muralla nº 70 (Lugo).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/1254**

Dáse conta de documentación da Consellería do Medio Rural pola cal se da conta da proposta da posta en marcha dun convenio interadministrativo de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O Convenio terá unha vixencia anual, abarcando o período 2019-2020, realizando a xustificación dos traballos e o seu pagamento de forma anual.

Vista a proposta remitida, a Xunta de Goberno Local acorda a adhesión ao citado convenio en materia de:

- **Participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal.**

Pola realización destes labores preventivos, a Consellería de Medio Rural achegará un importe máximo de 130 €/ha.

- **Participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante actuación dunha brigada de 5 compoñentes de prevención e defensa, nas súas dúas liñas:**

Labores preventivos: As brigadas desenvolveranse traballos manuais de roza en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade. Por cada brigada deberán realizarse entre 6 e 10 ha destes traballos dependendo das condicións do mato nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. A Consellería do Medio Rural achegará para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais un máximo de 11.250 €/brigadas ao ano. Estes prezos serán variables en función da pendente e tipo de vexetación que se vaia eliminar.

Actuacións en defensa contra incendios forestais: as brigadas colaborarán prioritariamente con outros traballos na defensa contra so incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o Concello. A Consellería do Medio Rural achegará para estas actuacións para os tres meses de campaña un máximo de:

- Brigadas de 5 compoñentes: 15.934,62 €/ano.

O Concello tería que asumir, entre outras e de acordo coa **cláusula oitava** do borrador do convenio,:

- Dispor en todo momento de brigadas efectivas composta por 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento desta.
- Recoñecemento médico dos integrantes da brigada para garantir as dúas condicións de saúde para a traballo que van realizar.
- Un curso de formación teórico-práctico sobres prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas.
- Dotar a cada membro que integra a brigada dun equipo obrigatorio de protección individual e ferramentas necesarias para realizar a súa función.
- Un vehículo todoterreo.
- Realizar os labores de prevención, que consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional e desenvolverase en camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión de biomasa de titularidade municipal ou en superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou disfrute.

## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Muller e persoas maiores**

#### **PRP2019/1244**

Dáse conta de informe da Área de Igualdade en relación co orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de 25 de febreiro para a ubicación dun PUNTO LILA seguro contra as



agresións machistas durante as festas do Entroido, que incluía o orzamento presentado por **Dona M. Nieves Ozores Núñez** por importe de 804,65 € para a instalación e recollida dun globo de helio.

Debido ás condicións metereolóxicas non se instalou dito globo, polo que a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto a aprobación do orzamento a favor de Dona M. Nieves Ozores Núñez, e o reintegro da cantidade indicada de 804,65 € á partida orzamentaria 2312.22799.

#### **PRP2019/1245**

Vista a proposta da Área de Igualdade - CIM, con motivo da realización dunha Campaña de sensibilización e prevención "Amor Amargo" co alumnado e profesorado de Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos dos Centros Educativos do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Versatil Servizos Editoriais SLU**, por un importe de 10.403,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799, para o desenvolvemento da citada campaña, durante os meses de marzo – maio 2019, que inclúe:

a. Edición de libro manual: 2.000 exemplares, por un importe total de 6.156,80 €

b. Actividades; por un importe total de 4.247,10 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/1246**

Vista a proposta da Área de Igualdade – CIM, e co fin de mellorar a empregabilidade das mulleres despois de situacións de violencia machista ou noutras situacións de vulnerabilidade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Asosoramiento y Desarrollo de Soluciones Empresariales SL (ASDEM)** para a realización dun obradoiro de "Auxiliar de Carnicería e Peixería", de 120 horas, destinado a 15 mulleres usuarias da Área de Igualdade – CIM, a desenvolver entre os meses de abril e maio, cun horario de 9:30 a 14:00 horas, por un importe total de 5.995,00 €, con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2019/1072**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Daisy Alcalde Monteagudo, en representación de **O Sono de Lilith**, solicitando autorización para celebración dun Festival (FESTIVALIA) na Praza da II República o día 8 de xuño, ou na Praza da Peixería no caso de condicións metereolóxicas adversas..

Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para a celebración na Praza da II República, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.





- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixaría no caso de choiva, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/1257**

Vista a solicitude de D. Jesús López Rodríguez, como Representante da Sección Sindical de **CCOO** en DS Smith Galicia SA, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 16 de marzo de 2019, en horario de 20:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha asemblea de traballadores da Empresa DS Smith Galicia SA, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/1258**

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases xunto cos premios, e a convocatoria do certame dos Maios 2019 que se levarán a cabo o vindeiro 1 de maio no Parque Miguel Hernández ou en caso de chuvia na Praza da Peixería, sendo o prazo de inscrición dende o día 20 de marzo ata as 13:00 horas do día 12 de abril de 2019, debendo realizarse nas Oficinas da Concellería de Cultura (Auditorio Municipal).

#### **PRP2019/1259**

Vista a solicitude de **D. Manuel Núñez Espiño**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 22 de marzo de 2019, en horario de 20:00 a 22:00 horas, para a presentación do libro “No Interior do Vento” do autor Xurxo Alonso, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de



Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/1261**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a sinatura do contrato entre o Concello e a Empresa Mulas Producións SL para a realización dunha actuación de Blues no Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 22 de marzo, coa actuación de Corey Davis e Adrián Costa, por un importe total de 10.890,00 €, con cargo á partida 334.22699.

A empresa Mulas Producións SL responsabilizarase de cantas disposicións e permisos sexan necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

### **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

#### **PRP2019/1262**

Dáse conta do expediente de contratación CT 90/2018-E tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria para adxudicar as obras incluídas no Proxecto denominado "Muro de mampostería en O Lago - Castroguiñ", cun orzamento de licitación de 49.668,98 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL

ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.

NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.

CANALIZACIONES y CONSTRUCCIONES SALNES, SL

COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.

LOPEZ Y LEIS,S.A.

CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

SESTRAMA IBÉRICA S.L

MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

CETA CONTRATAS, S.L.

Unha vez examinada a documentación presentada polos licitadores, queda excluída a Empresa CETA CONTRATAS, SL ao non admitir o Órgano de Contratación a xustificación da baixa desproporcionada presentada pola citada Mercantil.

Unha vez excluída da licitación a mercantil Ceta contratatas, S. L. e aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, a valoración das ofertas das empresas admitidas á licitación é a seguinte:

<b>LICITADOR</b>	<b>Oferta IVE excluído</b>	<b>PUNTOS</b>
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	33.880,00 €	84,16
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	35.123,97 €	69,55
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	35.273,18 €	67,80
CANALIZACIONES y CONSTRUCCIONES SALNES, SL	35.907,99 €	60,35



coto de uz proyectos y obras, s.l.	36.530,90 €	53.03
LOPEZ Y LEIS,S.A.	37.600,00 €	40.48
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	38.994,75 €	24.10
SESTRAMA IBÉRICA S.L	39.405,21 €	19.28
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	39.903,17 €	13.43

De conformidade á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, as puntuacións obtidas son as seguintes, ordenadas de maneira decrecente:

Orde: 1 CIF: B27815182 SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 84.16

Total puntuación: 84.16

Oferta mellor valorada en aplicación dos criterios de adxudicación previstos en PCAP, unha vez excluída a 1ª oferta mellor valorada, presentada polo licitador Ceta contratas, S. L., ao estar incurso en baixa anormal ou desproporcionada e ser inadmitida a xustificación presentada e consecuentemente excluída a oferta da clasificación.

Orde: 2 CIF: B94097268 ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 69.55

Total puntuación: 69.55

Orde: 3 CIF: B27802503 NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 67.8

Total puntuación: 67.8

Orde: 4 CIF: B36417533 CANALIZACIONES y CONSTRUCCIONES SALNES, SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 60.35

Total puntuación: 60.35

Orde: 5 CIF: B94158862 COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 53.03

Total puntuación: 53.03

Orde: 6 CIF: A15210669 LOPEZ Y LEIS,S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 40.48

Total puntuación: 40.48

Orde: 7 CIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 24.1

Total puntuación: 24.1

Orde: 8 CIF: B27728492 SESTRAMA IBÉRICA S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 19.28

Total puntuación: 19.28

Orde: 9 CIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 13.43

Total puntuación: 13.43

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de obra denominado "MURO DE MAMPOSTERÍA EN O LAGO – CASTROGUDÍN", cun orzamento de licitación de 49.668,98 € (IVE incluído) á empresa con maior puntuación de acordo coa orde no que quedaron clasificadas as ofertas: **SERVIZOS AMBIENTAIS DO MIÑO, S. L.**, con CIF B27815182, de



conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación:

- Prezo ofertado: 33.880€ (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 7.114,80€, o que totaliza un importe de 40.994,80€ (IVE 21% incluído).

#### **PRP2019/1263**

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 15 de febreiro de 2019 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan Concellos 2019 correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 3ª relación, figurando no mesmo as seguintes subvencións:

